



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Contas Anuais correspondentes ó
exercicio rematado o 31 de decembro de 2024



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Balance de situación ó 31 de decembro de 2024 e 2023

ACTIVO	2024	2023	PASIVO	2024	2023
A) INMOBILIZADO	221.895.337,93	231.414.612,52	A) FONDOS PROPIOS	54.128.288,25	54.336.644,31
II. Inmobilizacións inmateriais	918.360,29	917.542,49	I. Patrimonio	92.121.989,11	92.121.989,11
1. Propiedade industrial	3.108,68	3.108,68	1. Patrimonio	2.400.000,00	2.400.000,00
2. Estudos, proxectos e traballos en curso	3.223.524,70	3.223.524,70	2. Patrimonio recibido en adscrición	94.599.305,23	94.599.305,23
3. Aplicacións informáticas	1.418.774,68	1.389.269,08	6. Patrimonio entregado ó uso xeral	(4.877.316,12)	(4.877.316,12)
4. Outro inmovilizado inmaterial	213.103,44	213.103,44	III. Resultados de exercicios anteriores	(37.785.344,80)	(32.652.098,56)
6. Amortizacións	(3.940.151,21)	(3.911.463,41)	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	2.818.998,27	2.818.998,27
III. Inmobilizacións materiais	220.976.977,64	230.497.070,03	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	(40.604.343,07)	(35.471.096,83)
1. Terreos e construcións	483.700.391,98	480.200.978,87	IV. Resultado do exercicio	(208.356,06)	(5.133.246,24)
2. Instalacións técnicas e maquinaria	2.361.595,49	2.361.595,49	B) INGRESOS A DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS	186.324.141,66	192.035.849,03
3. Utillaxe e mobiliario	2.582.936,98	2.538.401,67	D) ACREDORES A LONGO PRAZO	120.203,46	120.203,46
4. Outro inmovilizado material	2.014.339,41	2.014.339,41	II. Outras débedas a longo prazo	120.203,46	120.203,46
5. Inmovilizado recibido en adscrición	94.599.305,23	94.599.305,23	4. Fianzas e depósitos recibidos a longo prazo	120.203,46	120.203,46
6. Amortizacións	(364.281.591,45)	(351.217.550,64)	E) ACREDORES A CURTO PRAZO	2.613.404,88	3.509.623,28
C) ACTIVO CIRCULANTE	21.290.700,32	18.587.707,56	III. Acredores	2.613.404,88	3.509.623,28
II. Debedores	16.829.819,40	16.105.175,34	1. Acredores orzamentarios	1.959.381,38	2.532.036,88
1. Debedores orzamentarios	20.655.184,81	19.920.460,64	2. Acredores non orzamentarios	317.480,48	517.516,42
2. Debedores non orzamentarios	2.733.950,00	2.271.760,95	4. Administracións públicas	350.171,03	489.110,62
4. Administracións públicas	65.665,61	244.585,77	5. Outros acredores	(13.628,01)	(29.040,64)
5. Outros debedores	52.756,98	52.756,98			
6. Provisións	(6.677.738,00)	(6.384.389,00)			
III. Inversións financeiras temporais	16.383,04	9.890,33			
2. Outros investimentos e créditos a C/P	16.383,04	9.890,33			
IV. Tesourería	4.444.497,88	2.472.641,89			
TOTAL XERAL (A+B+C)	243.186.038,25	250.002.320,08	TOTAL XERAL (A+B+C+D+E+F)	243.186.038,25	250.002.320,08

As notas 1 a 24 da Memoria son parte integrante destas Contas Anuais



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Conta do Resultado Económico – Patrimonial dos exercicios rematados o 31 de decembro de 2024 e 2023

A) GASTOS	2024	2023	B) INGRESOS	2024	2023
1. Gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais	32.931.725,61	31.617.592,40	1. Ingresos de xestión ordinaria	23.818.003,19	16.268.589,47
a) Gastos de persoal	5.731.110,82	5.487.258,50	a) Ingresos tributarios	194.530,23	360.809,44
a.1) Soldos, salarios e asimilados	4.519.632,63	4.320.210,19	a.8) Taxas por servizos profesionais e administrativos	194.530,23	360.809,44
a.2) Cargas sociais	1.211.478,19	1.167.048,31	b) Prestación de servizos:	23.623.472,96	15.907.780,03
c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	13.092.728,61	14.023.936,86	b.1) Prezos públicos por Prestación de Servizos	19.482.515,83	12.190.583,19
d) Variación de provisións de tráfico, prov. p. insolvencias	293.349,00	252.609,00	b.2) Prezos públicos por utiliz. dominio público	4.140.957,13	3.717.196,84
e) Outros gastos de xestión	13.814.481,86	11.842.970,00			
e.1) Servizos exteriores	13.564.298,01	11.595.431,85			
e.2) Tributos	250.183,85	247.538,15	2. Outros ingresos de xestión ordinaria	422.412,80	311.622,40
f) Gastos financeiros e asimilables	55,32	10.818,04	c) Outros ingresos de xestión	279.726,60	251.560,24
f.1) Outros gastos financeiros	55,32	10.818,04	c.1) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	279.726,60	251.560,24
2. Transferencias e subvencións	0,00	0,00	f) Outros intereses e ingresos asimilados	142.686,20	60.062,16
a) Transferencias correntes	0,00	0,00	f.1) Outros intereses	142.686,20	60.062,16
3. Perdas e gastos extraordinarios	1.065.991,41	360.557,21	3. Transferencias e subvencións	9.547.319,93	10.263.307,69
c) Gastos extraordinarios	0	3.346,45	a) Transferencias correntes	13.584,41	23.658,28
d) Gastos e perdas de outros exercicios	1.065.991,41	357.210,76	e) Subvencións de capital traspasadas ó resultado	9.533.735,52	10.239.649,41
			4. Ganancias e ingresos extraordinarios	1.625,04	1.383,81
			a) Beneficios procedentes do inmovilizado	0	0,00
			c) Ingresos extraordinarios	0	0,00
			d) Ingresos e beneficios de outros exercicios	1625,04	1.383,81
AFORRO		0,00	DESAFORRO	208.356,06	5.133.246,24
TOTAL DEBE	33.997.717,02	31.978.149,61	TOTAL HABER	33.997.717,02	31.978.149,61

As notas 1 a 24 da Memoria son parte integrante destas Contas Anuais



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Estado de liquidación do Orzamento ó 31 de decembro de 2024

Liquidación do orzamento de ingresos

Clasificación Económica	Explicación	Previsións orzamentarias			Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos cancelados	Dereitos pendentes de cobro a 31/12
		Iniciais	Modificacións	Definitivo				
C.III	Taxas e outros ingresos	17.957.831,48	17.970,72	17.975.802,20	24.135.211,25	14.390.649,49	1.460.449,13	9.744.561,76
C.IV	Transferencias correntes	0,00	0,00	0,00	13.584,41	0,00	0,00	13.584,41
C.V	Ingresos patrimoniais	0,00	0,00	0,00	105.204,74	105.204,74	0,00	0,00
C.VII	Transferencias de capital	11.000.000,00	0,00	11.000.000,00	3.822.028,15	199.545,03	0,00	3.622.483,12
C.VIII	Activos financeiros	7.313.743,14	0,00	7.313.743,14	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL		36.271.574,62	17.970,72	36.289.545,34	28.076.028,55	14.695.399,26	1.460.449,13	13.380.629,29

Liquidación do orzamento de gastos

Clas. Econ	Explicación	Créditos orzamentarios			Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Remanentes de crédito	Pagamentos	Obrigas pendentes de pago a 31/12
		Iniciais	Modificacións	Definitivo					
C.I	Gastos de persoal	6.080.783,83	0,00	6.080.783,83	5.731.110,82	5.731.110,82	349.673,01	5.730.856,42	254,40
C.II	Compras e gastos	15.557.804,17	17.970,72	15.575.774,89	15.451.823,50	13.793.643,82	1.782.131,07	12.245.588,15	1.548.055,67
C. III	Gastos financeiros	5.000,00		5.000,00	55,32	55,32	4.944,68	55,32	0,00
C.IV	Transferencias correntes	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
C.VI	Investimentos	14.627.986,62		14.627.986,62	5.724.201,72	3.573.454,02	11.054.532,60	3.162.395,90	411.058,12
TOTAL		36.271.574,62	17.970,72	36.289.545,34	26.907.191,36	23.098.263,98	13.191.281,36	21.138.895,79	1.959.368,19

As notas 1 a 24 da Memoria son parte integrante destas Contas Anuais



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Estado de liquidación do Orzamento ó 31 de decembro de 2024 Resultado orzamentario

CONCEPTO	Dereitos recoñecidos netos	Obrigacións recoñecidas netas	Importes
1.(+) Operacións non financeiras	28.076.028,55	23.098.263,98	4.977.764,57
2.(+) Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
3.(+) Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)	28.076.028,55	23.098.263,98	4.977.764,57
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)			4.977.764,57
4.(+) Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería			0,00
IV. SUPERAVIT DE FINANCIACIÓN DO EXERCICIO			4.977.764,57

As notas 1 a 24 da Memoria son parte integrante destas Contas Anuais



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Memoria das Contas Anuais do exercicio 2024

1. Organización.

Portos de Galicia créase pola Lei 5/1994, de 29 de novembro, rexéndose na actualidade pola Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, é unha entidade pública empresarial das reguladas na sección 4.^a do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, con personalidade e capacidade xurídica plena e patrimonio propio,

A entidade asume e desenvolve as súas funcións de proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración, e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei de portos de Galicia determina que os órganos da entidade son:

a) De goberno:

- A Presidencia
- O Consello Reitor

b) Executivo:

- A Dirección.

En canto a súa actividade contractual para proveerse de obras, servizos, subministros, a EPE Portos de Galicia rexese pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Na súa actividade relativa á prestación de servizos portuarios e de explotación rendible do dominio público portuario aplica a Lei 6/2023, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións regulamentarias da C. A. de Galicia, a Lei 6/2017, do 12 de decembro de portos de Galicia e a Lei 6/2023 do 2 de novembro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

2. Bases de presentación.

Marco normativo de información financeira aplicable:

A EPE Portos de Galicia réxese pola lei de portos de Galicia e en xeral, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; pola Orde do 28 de novembro de 2001, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e pola restante normativa reguladora do sector público autonómico.



Non obstante, as actuacións no exercicio da súa actividade económica regúlanse polo dereito privado, polo que tamén lle resultan de aplicación as disposicións do Código de Comercio e as do Plan Xeral de Contabilidade como indica o Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante e a Orde EHA/733/2010, de 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que operan en determinadas circunstancias.

O Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia aprobado pola Orde de 28 de novembro de 2001, toma como base a redacción do Plan Xeral de Contabilidade Pública por Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 6 de maio de 1994, cando tamén estaba vixente o Real Decreto 1643/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade.

a) Imaxe Fiel.

As contas anuais prepáranse a partir dos rexistros contables da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia e preséntanse de acordo coas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, e no caso das subvencións de capital de acordo co previsto no Plan Xeral de Contabilidade do sector privado tal e como se indica no apartado 3.c) seguinte co obxecto de mostrala imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento.

b) Comparación da información.

De acordo coas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública, xunto coas cifras do balance de situación, conta do resultado económico patrimonial e cadro de financiamento, preséntanse a efectos comparativos, as do exercicio anterior. Non existen razóns que impidan a comparación das contas anuais de ambos exercicios.

As cifras contidas nos documentos que compoñen estas contas anuais, o balance de situación, a conta do resultado económico patrimonial e esta memoria, están expresados en euros salvo mención expresa en contrario.

3. Criterios contables.

a) Inmobilizacións inmateriais.

Os gastos de inmobilizacións inmateriais recollen os estudos previos á execución das obras. Aqueles estudos para os que se determina que os resultados son positivos amortízanse en cinco anos. En caso contrario, ou si varían as circunstancias favorables que permitiron capitalizalo, a parte pendente de amortizar lévase a resultados no exercicio en que cambian ditas condicións.



b) Inmobilizacións materiais.

Os bens comprendidos no inmovilizado material valóranse ó seu prezo de adquisición.

No caso dos bens recibidos en adscrición tomarase como prezo de adquisición o valor neto dos mesmos na contabilidade do adscrinte, no momento da adscrición, polo que se valoraron ó importe total ó que figuraban nos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 1996 (ver nota 6).

A aplicación do Plan Xeral de Contabilidade Pública supón a inclusión destes bens dentro do inmovilizado material.

O artigo 19 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, establece:

"Artigo 13. Conservación, ampliación e amortización do material e das instalacións.

1. Portos de Galicia adoptará as medidas axeitadas para garantir que as instalacións infraestruturas portuarias ou os seus servizos e actividades accesorias e complementarias, así como o material confiado á súa custodia e explotación, sexan construídos, conservados e renovados conforme ás necesidades do tráfico portuario e progreso da técnica..."

Polo tanto, a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia amortiza os bens recibidos en adscrición, con idénticos criterios ós aplicados para os bens propios.

As amortizacións calcúlanse linealmente en función das seguintes vidas útiles:

BENS	Vida útil (anos)
CONSTRUCCIÓNS	
<i>Sinais Marítimas e Balizamento</i>	
Faros	45
Balizas e outras sinais	20
Embarcacións de Servicio	15
<i>Accesos Marítimos</i>	
Dragados de primeiro establecemento	50
Pontes de fábrica	45
Esclusas	40
Pontes Metálicas	35
Obras permanentes de encauzamento e defensa de marxes	35
<i>Obras de Abrigo e Dársenas</i>	
Diques de dragados de primeiro establecemento	50
Boias de amarre e os seus elementos	15
<i>Obras de Atraque</i>	
Peiraos de fábrica	40
Peiraos de formigón armado e metálicos	30
Peiraos de madeira (pantaláns)	10
<i>Instalacións de reparación de barcos</i>	
Diques secos	40
Varadoiros	30
Diques flotantes	25



BENS	Vida útil (anos)
<i>Edificacións</i>	
Tinglados, almacéns e depósitos para mercadorías	35
Estacións marítimas, naves e lonxas de pesca	35
Talleres, garaxes e oficinas	35
Vivendas e outros edificios	35
<i>Instalacións Xerais</i>	
Conducións de auga, saneamento, instalacións para subministro, acondicionamento e alumeado	17
<i>Pavimentos, Calzadas e Vías de Circulación</i>	
Vías férreas e estacións de clasificación	25
Pavimentos en peiraos e zonas de manipulación	15
Camiños, zonas de circulación e aparcamento, depósitos	15
<u>MAQUINARIA</u>	
<i>Equipos de Manipulación de Mercadorías</i>	
Cargadoiros e instalacións especiais	20
Grúas de pórtico	20
Grúas automóbiles	10
Carretillas, tractores, remolques e tolvas, cintas e equipo lixeiro	10
<i>Material Flotante</i>	
Cabrias e grúas flotantes	25
Dragas	25
Remolcadores	25
Xanxis, gabarras e barcazas	25
Equipo auxiliar e equipo buzos	10
<i>Material Ferroviario</i>	
Locomotoras e tractores	15
Vagóns	20
<i>Equipo de Taller</i>	
Equipo de taller	14
<u>MOBILIARIO</u>	
<i>Mobiliario e Enseres</i>	
Mobiliario e enseres	10
<u>EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN</u>	
<i>Equipo Informático</i>	
Equipo físico	5
<u>ELEMENTOS DE TRANSPORTE</u>	
<i>Equipo de Transporte</i>	
Automóbiles e motocicletas	6
Camións	6
<u>OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL</u>	
<i>Material Diverso</i>	
Material diverso	5

c) Subvencións de Capital.

As subvencións de capital contabilízanse no pasivo do balance como Ingresos a distribuír en varios exercicios e impútanse ó resultado do exercicio en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados con ditas subvencións de acordo con previsto no Plan Xeral de Contabilidade do sector privado.

O Plan Xeral de Contabilidade Pública prevé a contabilización destas subvencións como ingresos na conta de resultados. Non obstante, dadas as especiais características da actividade da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, o método previsto polo Plan Xeral de Contabilidade do sector privado expresa con máis claridade a imaxe fiel, polo que se aplica a disposición que establece que naqueles casos excepcionais en que unha disposición en materia de contabilidade fora incompatible coa imaxe fiel que deben



amosalas contas anuais, tal norma será modificada para cumprilo principio de imaxe fiel indicado.

Non obstante cabe destacar que, o Plan Xeral de Contabilidade Pública aprobado en virtude da Orde EHA/1037/2010, aplicable ás entidades integrantes do sector público a partires do 1 de xaneiro de 2011, establece que as subvencións sexan rexistradas de igual xeito á que se indica no Plan Xeral de Contabilidade privado, e dicir, tal e como se veñen rexistrando pola Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia no exercicio 2024 e anteriores.

d) Acredores.

As débedas a longo e curto prazo figuran contabilizadas polo seu valor de reembolso. Os intereses impútanse a resultados seguindo un criterio financeiro. Ditas débedas clasifícanse en función dos vencementos ó peche de cada exercicio, considerando como débedas a curto prazo aquelas cun vencemento ata 12 meses dende a data de peche do exercicio e como débedas a longo prazo as de vencemento superior.

e) Ingresos e gastos.

A imputación temporal dos ingresos e gastos realízase en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan (principio da devindicación). En canto á liquidación do orzamento, os dereitos e obrigacións rexístranse contablemente no momento en que uns e outros son esixibles xuridicamente, independentemente do momento do cobro ou do pago.

f) Situación fiscal

A entidade, no exercicio da súa actividade empresarial como o resto de operadores do sector, está plenamente suxeita e non exenta ao Imposto de Sociedades, a súa posición no ámbito deste imposto encadrase no marco do dereito privado. Esta obriga implica calcular o seu resultado contable conforme ás normas do Plan Xeral Contable das empresas mercantís, como punto de partida para a cuantificación da base impoñible de dito imposto.

O artigo 7.8º apartado d) da Lei 37/1992 do IVE establece que, en todo caso, estarán suxeitas ao Imposto, sexa cal sexa a natureza da súa contraprestación, as operacións realizadas no desenvolvemento das actividades de servizos portuarios e aeroportuarios.

Daquela Portos de Galicia realiza prestacións de servizos e entrega de bens que, aos efectos do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), teñen a consideración de operacións suxeitas e non exentas e de operacións suxeitas e exentas plenas, xerando todas elas dereito á dedución do IVE soportado, en virtude dos artigos 21 a 25 da Lei 37/1992 do IVE. As operacións exentas plenas son operacións cuxa realización orixina o dereito á dedución das cotas soportadas tal e como establece o art.94 da referida Lei do IVE.

En virtude da suxeición ao Imposto das actividades sinaladas, a entidade pública Portos de Galicia atópase obrigada a repercutir (salvo determinadas exencións e supostos de non suxeición) o tributo sobre os destinatarios dos servizos e entregas de bens, aplicándose o tipo impositivo que, en xeral e o 21%, podendo clasificarse os ingresos portuarios en:

- Taxas pola prestación de determinados servizos portuarios.



- Taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario.
- Tarifas por servizos portuarios básicos.
- Tarifas por servizos comerciais.

Respecto da deducibilidade do IVE soportado, ata o ano 2006, a entidade aplicaba a regra de prórrata pola compra de determinados bens ou servizos financiadas con subvencións, coa redacción introducida pola Lei 3/2006, pola que se modificaron os artigos 102 e 104 da lei 37/92, elimináronse as limitacións en materia de deducibilidade.

Na contabilidade o IVE soportado deducible (que non forma parte, por tanto, do prezo de adquisición) e o IVE repercutido, son tratados como operacións extraorxamentarias. O IVE soportado non deducible supón un maior custe de adquisición, e figura na aplicación orxamentaria correspondente ao ben ou servizo que se adquire.

4. Estado operativo.

O estado operativo da Entidade Pública correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024, que inclúe as obrigas e os dereitos recoñecidos no exercicio de acordo coa súa clasificación económica, preséntase a continuación:

Gastos orxamentarios	Euros	Ingresos orxamentarios	Euros
Gastos de persoal	5.731.110,82	Taxas e outros ingresos	24.135.211,25
Compras e gastos	13.793.643,82	Transferencias correntes	13.584,41
Gastos financeiros	55,32	Ingresos patrimoniais	105.204,74
Transferencias correntes	0,00	Transferencias de capital	3.822.028,15
Investimentos	3.573.454,02	Activos financeiros	0,00
TOTAL	23.098.263,98	TOTAL	28.076.028,45
Resultado Orxamentario	4.977.764,57		
TOTAL	28.076.028,45		28.076.028,45

5. Inmobilizacións inmateriais.

Os movementos dados nas contas anuais incluídas en inmobilizacións inmateriais foron os seguintes:

	Euros				
	Saldo 31-12-2023	Adicións	Retiros	Traspasos	Saldo 31-12-2024
Custe:					
Estudios e proxectos	3.366.963,70	29.505,60	0,00	0,00	3.396.469,30
Propiedade industrial	3.108,68	0,00	0,00	0,00	3.108,68
Aplicacións informáticas	1.245.830,08	0,00	0,00	0,00	1.245.830,08
Outro inmovilizado inmaterial	213.103,44	0,00	0,00	0,00	213.103,44
Total	4.829.005,90	29.505,60	0,00	0,00	4.858.511,50
Amortizacións:					
Estudios e proxectos	(2.449.421,21)	0,00	0,00	0,00	(2.371.801,12)
Propiedade industrial	(3.108,68)	0,00	0,00	0,00	(3.108,68)
Aplicacións informáticas	(1.245.830,08)	(28.687,80)	0,00	0,00	(1.352.137,97)
Outro inmovilizado inmaterial	(213.103,44)	0,00	0,00	0,00	(213.103,44)



	Euros				
	Saldo 31-12-2023	Adicións	Retiros	Traspasos	Saldo 31-12-2024
Total	(3.911.463,41)	(28.687,80)	0,00	0,00	(3.940.151,21)
Valor neto contable	917.542,49	817,80	0,00	0,00	918.360,29

Custe:	Euros				
	Saldo 31-12-2022	Adicións	Retiros	Traspasos	Saldo 31-12-2023
Estudios e proxectos	3.366.963,70	0,00	0,00	0,00	3.366.963,70
Propiedade industrial	3.108,68	0,00	0,00	0,00	3.108,68
Aplicacións informáticas	1.245.830,08	0,00	0,00	0,00	1.245.830,08
Outro inmovilizado inmaterial	213.103,44	0,00	0,00	0,00	213.103,44
Total	4.829.005,90	0,00	0,00	0,00	4.829.005,90
Amortizacións:					
Estudios e proxectos	(2.420.380,91)	(29.040,30)	0,00	0,00	(2.449.421,21)
Propiedade industrial	(3.108,68)	0,00	0,00	0,00	(3.108,68)
Aplicacións informáticas	(1.245.830,08)	0,00	0,00	0,00	(1.245.830,08)
Outro inmovilizado inmaterial	(213.103,44)	0,00	0,00	0,00	(213.103,44)
Total	(3.882.423,11)	(29.040,30)	0,00	0,00	(3.911.463,41)
Valor neto contable	946.582,79	(29.040,30)	0,00	0,00	917.542,49

6. Inmovilizacións materiais.

A continuación ofrécese o resumen de movementos do inmovilizado material do exercicio:

	Euros				
	Saldo 31-12-2023	Adicións	Retiros	Traspasos	Saldo 31-12-2024
Custe:					
Terreos e construcións	480.210.178,87	3.499.413,11	0,00	0,00	483.709.591,98
Instalacións técnicas e maquinaria	2.361.595,49	0,00	0,00	0,00	2.361.595,49
Inmovilizado en adscrición	94.599.305,23		0,00	0,00	94.599.305,23
Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	2.529.201,67	44.535,31	0,00	0,00	2.573.736,98
Equipos informáticos	858.223,97	0,00	0,00	0,00	858.223,97
Elementos transporte	745.093,38	0,00	0,00	0,00	745.093,38
Outro inmovilizado material	411.022,06	0,00	0,00	0,00	411.022,06
Total	581.714.620,67	3.543.948,42	0,00	0,00	585.258.569,09
Amortizacións:					
		0,00			
Construcións	(277.655.839,22)	(11.358.478,92)	0,00	0,00	(289.014.318,14)
Maquinaria e instalacións	(2.349.136,62)	(6.307,07)	0,00	0,00	(2.355.443,69)
Inmob. recib. adscrición	(61.706.379,82)	(1.585.304,49)	0,00	0,00	(63.291.684,31)
Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	(1.981.860,01)	(61.115,21)	0,00	0,00	(2.042.975,21)
Equipos informáticos	(851.562,71)	(7.533,05)	0,00	0,00	(859.095,76)
Elementos transporte	(697.069,14)	(38.168,38)	0,00	0,00	(735.237,52)
Outro inmovilizado material	(387.461,50)	(7.133,69)	0,00	0,00	(394.595,19)
Total	(351.217.550,66)	(13.064.040,82)	0,00	0,00	(364.281.591,47)
Valor neto contable	230.497.070,01	(9.520.092,40)	0,00	0,00	220.976.977,62

Custe:	Euros				
	Saldo 31-12-2022	Adicións	Retiros	Traspasos	Saldo 31-12-2023
Terreos e construcións	470.335.381,01	9.874.797,86	0,00	0,00	480.210.178,87
Instalacións técnicas e maquinaria	2.361.595,49	0,00	0,00	0,00	2.361.595,49



Inmovilizado en adscripción	94.599.305,23	0,00	0,00	0,00	94.599.305,23
Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	2.511.593,91	17.607,76	0,00	0,00	2.529.201,67
Equipos informáticos	858.223,97	0,00	0,00	0,00	858.223,97
Elementos transporte	745.093,38	0,00	0,00	0,00	745.093,38
Outro inmovilizado material	411.022,06	0,00	0,00	0,00	411.022,06
Total	571.822.215,05	9.892.405,62	0,00	0,00	581.714.620,67
Amortizacións:	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Construcións	(265.395.590,92)	(12.260.248,30)	0,00	0,00	(277.655.839,22)
Maquinaria e instalacións	(2.349.136,62)	0,00	0,00	0,00	(2.349.136,62)
Inmob. recib. adscripción	(60.121.013,54)	(1.585.366,28)	0,00	0,00	(61.706.379,82)
Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	(1.919.391,76)	(62.468,25)	0,00	0,00	(1.981.860,01)
Equipos informáticos	(832.816,84)	(18.745,87)	0,00	0,00	(851.562,71)
Elementos transporte	(636.860,45)	(60.208,69)	0,00	0,00	(697.069,14)
Outro inmovilizado material	(379.602,33)	(7.859,174)	0,00	0,00	(387.461,50)
Total	(337.222.654,10)	(13.994.896,56)	0,00	0,00	(351.217.550,66)
Valor neto contable	234.599.560,95	(4.102.490,94)	0,00	0,00	230.497.070,01

a) Inmovilizado en curso.

Do total de inmovilizado material, un importe de 14.690.273,55.€ (2023: 13.790.576,62€) atópanse en curso ó final do exercicio.

En canto ao inmovilizado inmaterial, un importe de 851.923,58.€ (2023: 851.923,58€) atópase en curso ó final do exercicio.

Non se activaron gastos financeiros nos proxectos de inversión realizados no exercicio ou en exercicios anteriores.

O movemento dos bens e inversións en curso foi o seguinte durante o exercicio:

Concepto	Euros			
	Saldo 31-12-2023	Altas	Traspasos	Saldo 31-12-2024
Inmovilizado inmaterial en curso	851.923,58	0,00	0,00	851.923,58

Concepto	Euros			
	Saldo 31-12-2023	Altas	Traspasos	Saldo 31-12-2024
Inmovilizado material en curso	13.790.576,62	2.266.406,64	(1.366.709,71)	14.690.273,55

Total	14.642.300,20	2.266.406,64	(1.366.709,71)	15.541.997,13
--------------	----------------------	---------------------	-----------------------	----------------------

Estes bens son de natureza de dominio público.

b) Bens totalmente amortizados.

Existe inmovilizado material cun custo orixinal de 173.443.785 € (2023: 167.335.473 €) que pasa a estar totalmente amortizado no exercicio 2024 e aínda está en uso.



c) Inmobilizado en adscripción.

Os bens recibidos en adscripción foron valorados ó importe total ó que figuraban no balance provisional da Entidade Pública para 1996 do Anexo de Sociedades Públicas dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 1996, que se tomou como prezo de adquisición na contabilidade do adscrinte, no momento da adscripción, e ascendía a 94.599.305 €.

Ó non existir un acta de adscripción onde se reflicte detalladamente os bens cedidos no momento da constitución da Entidade Pública, Portos de Galicia preparou un inventario detallado de tódolos bens recibidos en adscripción a partir dos expedientes de obras existentes nos arquivos da antiga Subdirección Xeral de Portos. Dito inventario reflicte un valor bruto ó 31 de decembro de 1995 de 112.328.685 € sendo o seu valor neto, unha vez aplicada a correspondente amortización, de 105.093.423 €, de acordo co exposto a continuación:

Ano de finalización da obra	Custo	Amortización Acumulada ó 31-12-1995	Valor Neto ó 31-12-1995
1988	382.147	(86.104)	296.043
1989	3.495.498	(781.303)	2.714.195
1990	2.762.470	(727.786)	2.034.684
1991	10.182.627	(1.302.002)	8.880.625
1992	18.154.672	(2.064.766)	16.089.906
1993	6.641.373	(618.456)	6.022.917
1994	21.940.401	(1.081.055)	20.859.346
1995	29.040.656	(573.790)	28.466.866
En curso	19.728.841	-	19.728.841
Total	112.328.685	(7.235.262)	105.093.423

O valor neto contable resultante do inventario realizado por Portos de Galicia revela a diferenza de 10.494.119 € con relación ó importe que figura no balance provisional da Entidade Pública para 1996 do anexo de Sociedades Públicas dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 1996. Esta diferenza non se recolleu na contabilidade, xa que de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia tomarase como prezo de adquisición o valor neto na contabilidade do adscrinte, no momento da adscripción. O valor neto contable é o utilizado a efectos do cálculo das amortizacións. O valor neto inventariado unicamente é utilizado a efectos da planificación das grandes reparacións, á espera de que, previa solicitude á Dirección Xeral de Patrimonio dun informe independente, se proceda á realización dun acta de adscripción definitiva e con ela á actualización do valor contable, si fora o caso.

No exercicio 2001 encargouse a un experto independente a realización dun estudio de verificación e codificación do rexistro de inmovilizado recibido en adscripción, sobre a base dos expedientes técnicos e de contratación de que dispoñía a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia e que foron xestionados pola antiga Subdirección Xeral de Portos durante os anos 1982 a 1995. De acordo co informe emitido con data 28 de febreiro de 2002 polo mencionado experto independente, no que se menciona expresamente que non se contemplaron os bens cedidos previamente á Comunidade Autónoma pola Administración Central e que non se realizou unha verificación física do inmovilizado, o coste das inversións analizadas ascendía a 172.328.201 €, e o seu valor neto contable ó 31 de decembro de 1995, unha vez aplicada a correspondente amortización, sería de



148.017.261 €. Esta valoración supón unha diferenza de 53.417.956 € co importe que figura no balance da Entidade Pública referido ó inmovilizado recibido en adscrición e que ascende a 94.599.305 €.

A Lei de creación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, establecía no artigo 17.5 da que "O Consello da Xunta ditará, previa proposta da Consellería de Economía e Facenda e informe da consellería competente en materia de portos, as normas para a formación e permanente actualización do inventario de Bens e Dereitos de Portos de Galicia, que se axustarán as prescricións da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma e do seu regulamento" obriga similar a recollida na actual Lei de Portos no artigo 23.6.

A entidade realizou varias xestión para a formación e permanente actualización do Inventario de bens e dereitos, o 25 de abril de 2002 remitiuse un escrito á Dirección Xeral de Patrimonio e á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no que se solicita a realización dun Acta de Adscrición respecto ó Patrimonio Adscrito a EPEPG, na que ademais figuren as súas obrigas respecto a dito patrimonio, para clarificalo tratamento contable e fiscal aplicable ó inmovilizado adscrito.

Con data 3 de xuño de 2008, remitiuse novamente un escrito á Dirección Xeral de Patrimonio e á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se remite como proposta de realización do Inventario, a Memoria xustificativa e o prego de condicións técnicas que serviu de base para a contratación dos "Servicios de asistencia para a realización de traballos de implantación dun sistema de xestión do inmovilizado e valorización do inventario patrimonial da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia" para a súa consideración aos efectos do cumprimento do artigo 17.5 da lei 5/1994, do 29 de novembro, da creación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia no relativo á formación do inventario de bens e dereitos.

No exercicio 2009 mantívose unha reunión coa Secretaría Xeral de Patrimonio, na que se informou da adxudicación dos traballos sobre o inventario da Inversión Xeral da Comunidade Autónoma que inclúe ás Entidades Públicas Empresariais, no que se porá de manifesto un acta de adscrición na que se determinará os bens entregados á Entidade Pública.

No mes de febreiro de 2011, mantívose unha reunión de traballo cun representante do Servizo de Inventario da Secretaría Xeral do Patrimonio, na que se nos informou que a Consellería de Facenda por mediación do CIXTEC contratou a implantación da aplicación informática A4 na administración xeral da Comunidade Autónoma, co fin de facilitar a xestión do seu Inventario de Bens e Dereitos, a confección da súa contabilidade patrimonial e a coordinación desta coa xestión orzamentaria, facendo a observación de que non está previsto a data na que se procederá, no seu caso, á extensión do uso e utilización desta aplicación nas entidades públicas dependentes da administración Xeral da Comunidade Autónoma, pero consecuentemente entenden que, no curto prazo, as necesidades na materia que poida presentar a xestión patrimonial da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia non quedarán atendidas, o que xustificaría que por parte de Portos se pretendese a contratación do servizo de xestión do inmovilizado e valoración do inventario patrimonial da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia.

Na actualidade a entidade mantén un inventario en formato Excel no que rexistra anualmente a información das altas do exercicio, incluíndo a vida útil necesaria para o



correcto cálculo das amortizacións, e onde se recolle a mesma información para a relación elaborada de bens recibidos en adscripción, que a data actual presentan o seguinte detalle:

CONTA	TIPO DE INMOBILIZADO	Inversión total neta	AMORT ACUMULADA 31.12.2023	Dotación 2024	AMORT ACUMULADA 31.12.2024	PENDENTE AMORTIZAR 31.12.2024
22101	Sinais marítimas e balizamento	160.697,75	129.281,49	1.830,03	131.111,52	29.586,23
22102	Accesos marítimos	325.625,26	184.891,62	6.603,27	191.494,89	134.130,37
22103	Obras de abrigo e dársenas	41.191.674,44	24.273.239,11	859.064,96	25.132.304,07	16.059.370,37
22104	Obras de atraque	26.796.278,10	20.507.920,41	635.480,98	21.143.401,39	5.652.876,71
22106	Edificacións	2.715.303,15	2.306.589,79	82.325,24	2.388.915,03	326.388,12
22107	Instalacións xerais	1.031.120,43	1.031.120,43	0,00	1.031.120,43	0,00
22108	Pavimentos, calzadas e vías de circulación	12.908.371,92	12.908.371,92	0,00	12.908.371,92	0,00
223	Maquinaria	26.472,30	26.472,30	0,00	26.472,30	0,00
22300	Equipos de manipulación de mercadorías	338.492,78	338.492,78	0,00	338.492,78	0,00
		85.494.036,14	61.706.627,04	1.585.304,49	63.291.931,53	22.202.104,61
22103	En curso Obras de abrigo e dársenas	9.105.269,09	0,00	0,00	0,00	0,00
		94.599.305,23	61.706.627,04	1.585.304,49	63.291.931,53	22.202.104,61

O importe inicial das obras en curso, incorporouse o inventario do resto de bens para o calculo das oportunas amortizacións.

d) Reversións de bens

Tal como se estableceu con resolución do recurso de casación do Tribunal Supremo número 7654/03 de data 22 de novembro de 2007, sobre a sentenza ditada con data 29 de maio de 2003 pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, confirmouse a anulación da concesión administrativa de instalacións náutico-deportivas no porto de Sada. Neste sentido, e tal como se establecía no prego de bases da concesión, a concesionaria procedeu a reverter os bens de inmovilizado, rexistrándose tales bens no exercicio 2011, por un importe de 12.645.675,20 €, con contrapartida no epígrafe "Ingresos a distribuír en varios exercicios", dos que se leva amortizada a cantidade de 7.214.240,40 €.

e) Liquidacións pendentes de certificar

A relación de retencións de crédito do 10 % para liquidacións/certificacións finais en cumprimento da Lei de Contratos son:

Proxecto	Euros 2024	Euros 2025
O BARQUEIRO: RC 10% NOVO DIQUE FLOTANTE NO PORTO.	7.783,57	
RAXO: RC 10% ORDENACION DE USOS NO VIAL DE ACCESO AO PORTO	63.200,00	
ZONAS SUR E CENTRO: RC 10% RENOVACION INTEGRAL DOS PAVIMENTOS DE PANTALANS PARA MELLORA DE SEGURIDADE EN VARIAS INSTALACIONES PORTUARIAS	78.128,41	
CAMELLE: RC 10% DRAGAXE NO PORTO	13.100,00	
SAN CIBRAO: RC 10% ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DE ARMADORES DO PORTO	30.187,94	
TRAGOVE: RC 10% REMODELACION DE EDIFICIO DA LONXA DO PORTO.		102.962,74
COBRES-VILABOIA: RC 10% AMPLIACION DAS INSTALACIONES DE ATRAQUE NO PORTO		142.980,00
SSCC: RC 10% REPOSICION E REFORZO DE PAVIMENTOS EN DIVERSOS PORTOS		134.654,22
Total	192.399,92	380.596,96



7. Debedores.

A súa desagregación é a seguinte:

	Euros	
	31/12/24	31/12/2023
Debedores orzamentarios de exercicio corrente	13.380.629,29	13.899.417,77
Debedores orzamentarios de exercicios pechados	7.274.555,52	6.021.042,87
Administracións públicas	65.665,61	244.585,77
Outros debedores non orzamentarios	2.786.706,98	2.324.517,93
	23.507.557,40	22.489.564,34
Provisión para insolvencias de tráfico	(6.677.738,00)	(6.384.389,00)
Total	16.829.819,40	16.105.175,34

O saldo con Administracións Públicas correspóndese co importe pendente de cobro en concepto de IVE, así como IVE pendente de deducir derivado de acredores por certificacións pendentes de pago ó final do exercicio.

O saldo de **debedores orzamentarios de corrente** recollen os dereitos de cobro ó 31 de decembro de 2024 por prestación de servizos e por subvencións de capital da Xunta de Galicia de acordo ca seguinte desagregación:

	Euros	
	31/12/2024	31/12/2023
Taxas 4 % Dirección de Obra	3.116,63	37.016,76
Tarifas Portuarias, Concesións e Autorizacións	9.741.445,13	7.862.401,01
Transferencias correntes e de capital	3.636.067,53	6.000.000,00
Total	13.380.629,29	13.899.417,77

O detalle dos **dereitos orzamentarios totais** (exercicios correntes e pechados) pendentes de cobro segundo o seu grao de exixibilidade:

Estado de situación da débeda	Euros	
	31/12/2024	31/12/2023
En voluntaria	7.788.743,58	6.129.635,87
En executiva	8.122.888,49	7.753.808,01
Outros debedores AAPP (Transf. capital)	4.743.552,74	6.037.016,76
Total	20.655.184,81	19.920.460,64

A desagregación da partida "Variación de provisiones de tráfico" que minora o epígrafe "Debedores" do Balance, xunto co saldo inicial e final da provisión para insolvencias, é o seguinte:

	Euros
Saldo inicial da provisión	6.384.389,00
Dotacións 2024	293.349,00
Saldo final de la provisión	6.677.738,00

Os criterios seguidos para a dotación de provisión para insolvencias aplicados no exercicio 2024 son os seguintes:



- Antigüidade da débeda: dotación de 100 % dos saldos pendentes de cobro cunha antigüidade superior a catro anos respecto do exercicio liquidado, é dicir, para todos os saldos pendentes de cobro dende o ano 1997 ata o ano 2020 dótase unha provisión do 100 % acadando a cifra de 5.533.528,00 €
- Porcentaxe global: dotación do 1,38 % dos dereitos recoñecidos nos períodos 2021-2024, acadando a cifra de 1.144.210,00 €.
- No exercicio 2024, a media de incobrabilidade para o período 1997-2020 supón un 1,38 %, porcentaxe inferior ao do exercicio anterior 2023 (1,42% en 2023).

8. Patrimonio.

Os saldos e movementos das contas de patrimonio durante o exercicio foron os seguintes:

Concepto	Euros					
	Saldo ó 31-12-2023	Aplicación do resultado	Entregado ó uso xeral	Achegas patrimoniais	Resultados do Exercicio	Saldo ó 31-12-2023
Patrimonio	2.400.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.400.000,00
Patrimonio recibido en adscrición	94.599.305,23	0,00	0,00	0,00	0,00	94.599.305,23
Patrimonio entregado ó uso xeral	(4.877.316,12)	0,00	0,00	0,00	0,00	(4.877.316,12)
Resultados de exercicios anteriores	(32.652.098,56)	(5.133.246,24)	0,00	0,00	0,00	(37.785.344,80)
Resultado do exercicio	(5.133.246,24)	5.133.246,24	0,00	0,00	(208.356,06)	(208.356,06)
Total	54.336.644,31	0,00	0,00	0,00	(208.356,06)	54.128.288,25

Patrimonio recibido en adscrición:

O saldo de esta conta recolle o valor recibido en adscrición na creación da Entidade Pública, segundo figura nos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 1996 (nota 6).

A entidade de acordo cos criterios do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia recolle nesta conta o valor inicial dos bens adscritos ata o termo da adscrición, momento no que se deberán dar de baixa polo valor neto contable presente nese intre, debendo contabilizar as posibles diferenzas na conta de resultados. Este criterio difire do seguido pola a Axencia Tributaria na súa inspección do Imposto sobre Sociedades que considerou que a entidade, no exercicio da súa actividade económica debe aplicar as disposicións do Código de Comercio e as do Plan Xeral de Contabilidade, e considerou que o efecto da dotación das amortizacións realizado pola entidade, debe ser neutro a efectos do citado imposto, e polo tanto, o patrimonio recibido en adscrición debe tratarse como unha subvención e trasladarse anualmente a conta de resultados nun importe de ingreso igual ao da amortización. A entidade neste exercicio mantén o criterio seguido no rexistro contable e procedeu a facer un axuste polo importe da amortización para o cálculo do Imposto de Sociedades.



Patrimonio entregado ó uso xeral:

O saldo de esta conta recolle o valor das inversións realizadas pola EPEPG, entregadas ó uso xeral. Correspóndese cos convenios firmados co Concello de Nigrán, "Ordenación do Litoral de Praia América", e co Concello de Cangas, "Adecuación do entorno portuario de Cangas".

9. Ingresos a distribuír en varios exercicios.

O movemento deste epígrafe no exercicio foi o seguinte:

	Euros
Saldo inicial, 31/12/2023	192.035.849,03
Subvencións recibidas	3.822.028,15
Amortización de bens revertidos (nota 5.d)	0,00
Imputación a resultados	(9.533.735,52)
Saldo final, 31/12/2024	186.324.141,66

O detalle das subvencións de capital recibidas no exercicio 2024 é o seguinte:

	Total
FONDOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (FCA)	3.565.894,02
CONVENIO DE COLABORACION ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA A EXECUCION DAS ACTUACIONES DE MELLORA DO BORDE PORTUARIO)	245.934,13
PROXECTO EUROPEO ECODESTIN_3IN", DENTRO DO PROGRAMA INTERREG V A ESPAÑA PORTUGAL (POCTEP)-VALIDACIÓN FINAL	10.200,00
Total	3.822.028,15

As subvencións de capital recibidas no exercicio foron aprobadas pola intervención competente mediante o certificado ADOK correspondente, que certifica o cumprimento das obras subvencionadas.

10. Acredores a curto prazo.

O seu detalle é o seguinte:

	Euros	
	31/12/2024	31/12/2023
Acredores orzamentarios exercicio corrente	1.959.368,19	2.532.023,69
Acredores orzamentarios exercicios pechados	13,19	13,19
Outros acredores non orzamentarios	303.852,47	488.475,78
Administracións públicas	350.171,03	489.110,62
Total	2.613.404,88	3.509.623,28



11. Situación fiscal.

Imposto sobre o Valor Engadido (IVE):

O 23 de febreiro de 2023 a Inspección de Tributos da AEAT comunica o inicio de actuacións de comprobación e investigación con alcance xeral en relación co IVE correspondente ao período febreiro/2019 a decembro/2021.

O 11 de abril de 2024 a Inspección de Tributos da AEAT comunica a continuación das actuacións en relación ao IVE para os períodos 2022 e 2023.

O 18 de novembro de 2024, a Inspección de Tributos da AEAT comunica a continuación das actuacións inspectoras en relación ao IVE para o período xaneiro a setembro de 2024.

Por tanto, o período total obxecto das actuacións de comprobación foi desde febreiro do 2019 a setembro de 2024.

Con data 18 de xuño de 2025 finalizaron as actuacións de comprobación e investigación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) en relación ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) devindicado.

O obxecto da inspección foi:

1. Suxeición ao IVE da taxa X-4 Pesca Fresca aos mariscadores que non teñen a consideración de pesca marítima (marisqueo á flote).

A inspección comprobou no curso do procedemento que Portos de Galicia non repercutiu as cotas de IVE devindicadas pola prestación de servizos cuxa contraprestación constitúe a taxa *X-4 Pesca fresca* no relativo á facturación/liquidación xiradas aos "mariscadores a flote", ao entender que o uso do buque supoñía a exención dos devanditos servizos ao amparo do artigo 22 LIVE que dispón no seu apartado uno 2º que estarán exentas do Imposto as entregas, construcións, transformacións, reparacións, mantemento, fletamento, total ou parcial, e arrendamento dos buques que se indican a continuación:

"2.º Os buques afectos exclusivamente ao salvamento, á asistencia marítima ou á pesca costeira".

Considera que non se debe asimilar á pesca costeira a actividade de "marisqueo á flote" que non difire esencialmente do denominada "marisqueo a pé" despois de que ambas consisten na extracción de molusco depositado nos fondos mariños mediante o emprego de artes e aparellos similares; con todo, preténdese que a primeira poida acollerse á exención do artigo 22 LIVE mentres que a segunda deba soportar o imposto que grava os bens e servizos utilizados na explotación.

A Inspección facilitou datos por vendas de determinados produtos de marisqueo capturados por mariscadores á flote aos que se lles liquida a tarifa X-4 Pesca fresca. Esta información foi obxecto de contraste por Portos de Galicia e deu como resultado incrementos da base imponible e unha cota para pagar de 478.028,10.- euros, que se detallan no seguinte cadro.





Axustes taxa X-4 Pesca Fresca (marisqueo a flote):

Exercicio	Base	Cota 21%
2019	622.190,63	130.660,02
2020	451.257,93	94.764,15
2021	464.313,35	97.505,80
2022	398.241,33	83.630,68
2023	241.092,45	50.629,41
2024	99.228,76	20.838,04
Total	2.276.324,45	478.028,10

A partires do mes de marzo de 2024, Portos de Galicia regularizou a situación repercutindo o IVE na facturación tamén na actividade de "marisqueo a flote" dende embarcación, conforme o criterio indicado pola Inspección tributaria.

2. Comprobación de si se produciron dilacións no ingreso na Axencia Tributaria das cotas devindicadas do IVE repercutido das Taxas por prestación de servizos portuarios.

A inspección comprobou os desaxustes temporais entre a data da prestación dos servizos portuarios e a data da facturación e ingreso do imposto a través da correspondente autoliquidación mensual, de forma que se produciron dilacións no ingreso das cotas devindicadas.

De acordo con o disposto no artigo 75.2 da Lei do IVE, o imposto devindícase "cando se presten, executen ou efectúen as operacións gravadas".

Realizáronse os axustes positivos e negativos das cotas de IVE polos servizos prestados considerando o devengo dos mesmos, que se detallan no seguinte cadro:

Axustes por diferencias temporais:

Exercicio	Base	Cota
Axuste devengo IVE 2019	1.822.355,31	377.916,61
Axuste devengo IVE 2020	697.710,09	140.301,31
Axuste devengo IVE 2021	(758.604,23)	(149.966,27)
Axuste devengo IVE 2022	1.185.476,34	229.923,42
Axuste devengo IVE 2023	68.600,90	(26.909,53)
Axuste devengo IVE 2024	(664.273,10)	(86.694,79)
Axuste devengo IVE 2025	(2.351.265,31)	(484.570,75)
Total	0,00	0,00

Os axustes anteriores devindicaron a favor da Axencia Tributaria xuros por un importe total de: 131.121,27 €

